

σBAÍda
TÁ TOLA
presenta

ESTRAZALONIA

ESPECTÁCULO PARA BEBÉS, NENOS E ADULTOS

Que é Estrazalonia?

Chegan a Estrazalonia Tilín e Tilón, cada unha co seu son, para atopar un mundo de papel onde todo é o que cada quen quere que sexa.

En Estrazalonia xurdiron dúas grandes montañas fantásticas nas que habitan seres moi curiosos que nos levarán a imaxinar mundos infinitos.

Estrazalonia é un espectáculo pensado e creado para nenos e nenas dende 1 a 5 anos e para o gozo de todos os públicos en xeral.

Os idiomas empregados son a nosa lingua, o galego, e un idioma inventado, o tilintilonio.

Presentamos unha obra teatral que pretende o estímulo dos sentidos viaxando a través das emoción, as sensacións, a sorpresa e a ilusión.



“ *Cando alguén lle fai cóxegas á terra,
a terra comeza a rir ás gargalladas,
tanto ri a terra que treme por dentro
e de tanto tremer comezan a saírlle
así uns bultiños...* ”



Obxectivos

- Crear un espazo acolledor onde os/as nenos/as se sintan tranquilos e relaxados.
- Espertar as sensacións e as emocións do/as máis pequenos/as.
- Estimular a imaxinación.
- Descubrir diferentes formas de comunicación, tanto en linguaxe verbal como non verbal.
- Propoñer o xogo simbólico a partir dun único material, o papel de estraza.
- Fomentar o uso do galego nos diferentes ámbitos da vida cotiá.
- Achegar as artes escénicas ó/ás máis cativos/as.



Soraya Paradela

Formouse en interpretación e danza nas escolas de A Artística, en Vigo, e Ladinamo, en Madrid.

Actuou en diferentes obras de teatro infantís, como Aladín perdido na Galiza, e ademais é autora e intérprete de diversos espectáculos propios.

Imparte clases de improvisación teatral e realiza actividades con cativos.

Anna Cañadillas

Formada na Escola Municipal de Teatro de Vigo e nos Estudis de Teatre de Barcelona.

Durante anos destacou como profesora de nenos nos eidos das artes escénicas, sicomotricidade en xardín infantil e manualidades.

Leva creados varios espectáculos infantís a partir de contos, monicreques e obxectos varios.



Equipo creativo

Creación e dirección Soraya Paradela, Anna Cañadillas e Xoana Baz

Actrices Soraya Paradela e Anna Cañadillas

Escenografías Daniel González, Anna Cañadillas e Soraya Paradela

Gravación e montaxe de vídeo Xacobo Sanmartín e Marcos Mosquera

Agradecemos a colaboración artística de Olga Cameselle, Alfredo Rodríguez, Aroa Berjón e Manu Polo. E a Antonio Gutiérrez polas fotografías realizadas durante a función no espazo Dinamo Coworking (Vigo).





DATOS TÉCNICOS



DURACIÓN:

Aprox. 30 min.



PÚBLICO AO QUE VAI DIRIXIDO

Infantil

-de 1 a 5 anos



NECESIDADES TÉCNICAS

- Chan axeitado para teatro (linóleo, moqueta ou madeira).
- Equipo de son
- Espazo de 4 x 4 m

Traxectoria

Algunha das nosas paradas:

Auditorios: Santiago de Compostela, Zona C, Xunqueira (Redondela), Moaña, Ponteareas e Ourense.

Ludotecas: La Caracola Lola, Trasnos, Littleland, La Flauta Mágica, Donde viven los cuentos.

Espazos artísticos: A Artística, Café-teatro Mimosa, Dinamo Coworking, Sala Ártika e Teatro Aforo (Vigo), Ítaca (Xinzo de Limia), Casa Colorida (Nigrán), Casa da Cultura (Cuntis) e Casa da Cultura (Narón), CSCD As Prediñas (Mos)...

Festivais: Festival Nubebes (Pontevedra), Festival nun Local - 3 edicións - e Festival 85C (Vigo).


Teatro na rúa: Programa “No Nadal... un conto” do concello de Vigo. Festas de Verán en O Porriño.

Diversas **Escolas Infantís** e **CEIPs**.



TILINTILONIA


Espectáculo creado a partir de diferentes teas e texturas.

 1 a 5 anos



LIXO

Espectáculo creado a partir de plástico reciclado

 2 a 7 anos

O Baúl da Tía Tola

Somos unha compañía teatral adicada á creación de novos mundos imaxinarios para compartir cos máis cativos.

A compañía nace no ano 2014 en Vigo coa finalidade de achegar a maxia do teatro ó público máis novo.

Neste baúl teñen cabida todos aqueles proxectos que promovan a imaxinación, a ilusión, a alegría e a aprendizaxe a través de diversos estímulos sensoriais e do xogo.

Gústanos traballar con diferentes materiais plásticos descubrindo as súas posibilidades escénicas.

Nos nosos espectáculos dámoslle protagonismo á creación de ambientes sonoros e imaxes visuais a partir do movemento, da xestualidade e do son.





Contacto

OBALDA
TIATOLA

655 055 654 (Soraya) 646 045 354 (Anna)

obauldatiatola.com

obauldatiatola@yahoo.es



@obauldatiatola

